

O LIBRO DAS AVES

Xa temos posto de relevo, noutras ocasións e a través destas mesmas páxinas, a necesidade que irmos construíndo -dun modo parello á consolidación dun corpus poético de calidade- unha obra de estudio e ensaio en consonancia co importante desenvolvemento que a poesía acadou no noso sistema literario. Así, non se trata só de atender ás figuras históricas senón tamén de dar cabida ós autores que traballan no labor de afianzamento deste corpus e que aínda se contan entre nós. Neste sentido, congratulámonos de que Carmen Blanco se teña ocupado en *Luz Pozo Garza: a ave do norte* da obra dunha nosa poeta máis relevantes e de longa traxectoria, da académica pero tamén da persoa, pois todas as facetas creativas e vitais de Luz Pozo Garza teñen cabida neste volume. Estructurado en tres partes -“A figura literaria de Luz Pozo Garza: a ave da luz sabe onde está o norte”, “O libro da vida en *Códice Calixtino*” e “As confidencias no xardín da *Vida secreta de Rosalía*”-, o estudio confórmasse como a primeira achega global e de conxunto á obra e á vida de Luz Pozo Garza.

Na primeira das partes que compoñen este volume, “A figura literaria de Luz Pozo Garza: a ave da luz sabe onde está o norte”, traza Carmen Blanco os fíos vitais máis trascendentes da biografía da poeta sempre facendo referencias á obra pois, nesta autora, vida e obra conflúen e imbrícanse de tal modo que é posible albiscar datos autobiográficos na maioría dos seus poemas. O percorrido comeza en Ribadeo co nacemento en 1922 e pasa por Lugo onde se refuxia a familia durante a guerra civil. Tras dun breve exilio -a penas dous anos- en Larache (Marrocos) que tanto marca a personalidade da xove Luz, virá Viveiro e a posterior instalación da escritora na Coruña por mor do seu traballo docente. Nestes anos tamén toma contacto coa intelectualidade da época e comeza a publicar poemas en diversas revistas, recibindo críticas favorables ata a chegada dos primeiros libros -en castelán- que son acollidos con alborozo por, entre outros, Gerardo Diego e Dámaso Alonso. A partir de aquí, vida e literatura van á par pois, gracias ós poemas, Luz Pozo coñecerá a Eduardo Moreiras -o editor do primeiro poemario e o seu segundo esposo- e integrarase nun mundo de letras e palabras que ela mesma contribuirá a facer máis grande con revistas como *Nordés* ou *Clave Orión*, para alén da súa propia obra poética e ensaística. Rematada a aproximación biográfica á autora, inicia Carmen Blanco o estudio da obra, primeiro globalmente e logo centrándose en dous dos libros máis relevantes na traxectoria de Luz Pozo Garza: *Códice Calixtino* e *Vida secreta de Rosalía*, o último que ten dado ó prelo. Así, nas partes segunda e terceira, a profesora lucense céntrase nos eixos fundamentais destas obras, nas temáticas e, sobre todo na última, na influencia de

Rosalía sobre a propia creación de Luz Pozo, algo a quen ela mesma se ten referido en moitas ocasións, a máis recente a da súa recepción na Real Academia Galega. Polo tanto, *Luz Pozo Garza: a ave do norte* ponos en contacto co verso e a personalidade dunha autora recoñecida e fundamental e fainos vivir a ilusión dos diversos proxectos levados a cabo pola poeta. Pois Luz Pozo Garza non é unha soa ave senón múltiples e, neste libro, aténdese a todas elas.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 69, febreiro 2003, p. 73